



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 26 DE SETEMBRO DE 2024

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL
JESUS ROMERO CARRACELAS
LUCIA PICOS ANEIROS
XULIO CRIBEIRO GARCIA
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ
OLGA IGLESIAS BEREIJO
HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA
XOSE ANTON ARRIBE RODRIGUEZ
MARIA JOSE PERNAS DIAZ
NOEL LOPEZ LOPEZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

AUSENTES:

Excusa a súa asistencia o Concelleiro:
ISMAEL DURAN BEREIJO

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:02 horas do día 26 de setembro de 2024, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 01.08.2024

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión de data 01.08.2024.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de data 01.08.2024, resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.



A Presidencia di que, a petición do voceiro do grupo municipal do PP, nas modificacións de crédito lerase unicamente a proposta de acordo.

2. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MODALIDADE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS 2024. MC 19 2024 CE 01 2024. EXPEDIENTE: 2024/G006/000278

Pola Secretaria dáse lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de setembro de 2024, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 17.09.2024, que di:

“**Expediente:** 2024/G006/000278

Asunto: Modificación de crédito modalidade crédito extraordinario financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais 2024. MC 19 2024 CE 01 2024.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto nos artigos 35 a 38 do RD 500/90, de 20 de abril, e no 177 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, son créditos extraordinarios aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para realizar un gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte e para o que non existe crédito e non pode ampliarse. A antedita modificación pódese financiar, entre outros recursos, con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais

Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2023, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 150/2024, do 20 de marzo de 2024, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de 1.233.668,66 euros.

Vista a Memoria de Alcaldía, de data de 16 de setembro de 2024, na que queda xustificada a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte e para os que o crédito previsto non existe e non pode ser obxecto de ampliación.

Visto que con data de 16 de setembro de 2024 emitíuse Informe favorable de control permanente previo relativo á modificación orzamentaria MC 19 2024 CE 01 2024, modalidade crédito extraordinario financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que con data de 16 de setembro de 2024 emitíuse Informe relativo á avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no que se sinala: “(...) *Dos resumos anteriores despréndese que a modificación de créditos que se expón xenera inestabilidade poñendo en risco o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

(...)

O incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit levará a elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 19 e seguintes do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais.

Non obstante, o paragrafo segundo do artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, dispón que “Exceptúase do disposto no parágrafo anterior (elaboración



do Plan Económico-financieiro) as modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesouraría para gastos xerais, as cales non precisarán de elaboración de Plan económico financieiro ata a liquidación do orzamento, se é o caso”. Caso no que nos atopamos, polo tanto, non é necesario a elaboración dun Plan Económico-financieiro”.

Esta Alcaldía, no uso das competencias atribuídas na lexislación vixente, **PROPÓN** ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Plenos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 19 2024 CE 01 2024, na modalidade de crédito extraordinario, para financiar gastos de persoal, con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, de acordo co seguinte desglose:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)	DESCRIPCIÓN
132.15100	Seguridade e orde público. Gratificacións extraordinarias	5.500,00	Horas extra policía local
920.15100	Administración xeral. Gratificacións	1.150,54	Horas extra persoal departamento servizos xerais
TOTAL		6.650,54	

O financiamento da incorporación realizarase da seguinte maneira:

CONCEPTO/SUBCONCEPTO	TIPO DE FINANCIAMENTO	IMPORTE (EN €)
870.00	Remanente de tesouraría para gastos xerais	6.650,54
TOTAL INGRESOS		6.650,54

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días hábiles, durante os cales as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MODALIDADE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS 2024. MC 18 2024 SC 02 2024. EXPEDIENTE: 2024/G006/000279



Pola Secretaria dáse lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de setembro de 2024, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 17.09.2024, que di:

“**Expediente:** 2024/G006/000279

Asunto: Modificación de crédito modalidade suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais 2024. MC 18 2024 SC 02 2024.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto nos artigos 35 a 38 do RD 500/90, de 20 de abril, e no 177 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, son suplementos de crédito aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para realizar un gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte e para o que o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ampliarse. As anteditas modificacións pódense financiar, entre outros recursos, con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2023, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 150/2024, do 20 de marzo de 2024, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de 1.233.668,66 euros.

Vista a Memoria de Alcaldía, de data de 16 de setembro de 2024, na que queda xustificada a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte e para os que o crédito previsto é insuficiente e non pode ser obxecto de ampliación.

Visto que con data de 16 de setembro de 2024 emitíuse Informe favorable de control permanente previo relativo á modificación orzamentaria MC 18 2024 SC 02 2024, modalidade suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que con data de 16 de setembro de 2024 emitíuse Informe relativo á avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no que se sinala: “(...) *Dos resumos anteriores despréndese que a modificación de créditos que se expón xenera inestabilidade poñendo en risco o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

(...)

O incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit levará a elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 19 e seguintes do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais.

Non obstante, o parágrafo segundo do artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, dispón que “Exceptúase do disposto no parágrafo anterior (elaboración do Plan Económico-financeiro) as modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesouraría para gastos xerais, as cales non precisarán de elaboración de Plan económico financeiro ata a liquidación do orzamento, se é o caso”. Caso no que nos atopamos, polo tanto, non é necesario a elaboración dun Plan Económico-financeiro”.

Esta Alcaldía, no uso das competencias atribuídas na lexislación vixente, **PROPÓN** ao Pleno, previo



ditame da Comisión Informativa de Plenos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 18 2024 SC 02 2024, na modalidade de suplemento de crédito, para financiar gastos correntes e de capital, con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte desglose:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)	DESCRICIÓN
151.60000	Urbanismo. Inversións en terreos	75.504,00	Adquisición de parcelas para o novo centro de saúde
3231.22100	Escola infantil. Enerxía eléctrica	5.000,00	Pago facturas último trimestre ano
3231.22103	Escola infantil. Combustibles e carburantes.	4.000,00	Pago facturas último trimestre ano
3231.22700	Escola infantil. Limpeza e aseo	5.000,00	Pago facturas último trimestre ano
3232.22199	Centro de educación infantil e primaria. Outros subministros	8.000,00	Pago facturas último trimestre ano
3232.22799	Centro de educación infantil e primaria. Outros traballos realizados por outras empresas	6.000,00	Pago facturas último trimestre ano
3321.22100	Biblioteca. Enerxía eléctrica	3.000,00	Pago facturas último trimestre ano
334.22602	Promoción cultural. Publicidade e propaganda	3.000,00	Pago facturas último trimestre ano
334.22799	Promoción cultural. Outros traballos realizados por outras empresas	20.000,00	Pago facturas último trimestre ano
336.63200	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Inversión reposición en edificios e outras construcións	9.693,31	Factura traballos realizados en Escolar de Sisalde
338.22799	Festas populares e festexos. Outros traballos realizados por outras empresas	60.000,00	Pago facturas último trimestre ano
341.20300	Protección e fomento do deporte. Arrendamento maquinaria e utillaxe	15.000,00	Pago facturas último trimestre ano
341.20800	Protección e fomento do deporte. Arrendamento outro inmovilizado material	3.000,00	Pago facturas último trimestre ano
341.22103	Protección e fomento do deporte. Combustibles e carburantes.	20.000,00	Pago facturas último trimestre ano
341.22104	Protección e fomento do deporte. Vestiario	7.000,00	Pago facturas último trimestre ano
341.22199	Protección e fomento do deporte. Outros subministros	8.000,00	Pago facturas último trimestre ano
341.22200	Protección e fomento do deporte. Servizos de telecomunicacións	1.500,00	Pago facturas último trimestre ano
341.22609	Protección e fomento do deporte. Actividades culturais e deportivas	10.000,00	Pago facturas último trimestre ano
341.22799	Protección e fomento do deporte. Outros traballos realizados por outras empresas	30.000,00	Pago facturas último trimestre ano
342.21300	Instalacións ocupación tempo libre. Maquinaria	5.000,00	Pago facturas último trimestre ano
342.62200	Instalacións ocupación tempo libre. Inversión reposición edificios	3.656,12	Pago factura liquidación obra “Ampliación pavillón”
450.20300	Administración xeral de infraestruturas. Arrendamentos de maquinaria	20.000,00	Pago facturas último trimestre ano



450.22199	Administración xeral de infraestruturas. Outros subministros	7.000,00	Pago facturas último trimestre ano
450.22706	Administración xeral de infraestruturas. Estudos e traballos técnicos	14.641.00	Pago facturas dirección obra "Substitución céspede campo de fútbol e Rehabilitación "Lavadoiro de Penela"
450.22799	Administración xeral de infraestruturas. Outros traballos realizados por outras empresas	15.000,00	Pago facturas último trimestre ano
491.22706	Sociedade da información. Estudos e traballos técnicos	14.000,00	Pago facturas último trimestre ano
TOTAL		372.994,43	

O financiamento da incorporación realizarase da seguinte maneira:

CONCEPTO/SUBCONCEPTO	TIPO DE FINANCIAMENTO	IMPORTE (EN €)
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	372.994,43
TOTAL INGRESOS		372.994,43

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días hábiles, durante os cales as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4. MOCIÓN DO BNG PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de setembro de 2024, que di:

“Vista a Moción presentada polo portavoz do grupo municipal do BNG en data 06.09.2024, que di:

“MOCIÓN PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS



Don Xosé Antón Arribe Rodríguez Portavoz do Grupo Municipal do BNG no concello de Cedeira, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate no Pleno da corporación municipal a seguinte MOCIÓN:

O anuncio da Xunta de Galiza do incremento do canon de SOGAMA para 2025, logo da suba xa aprobada en xullo de 2024, suporía un incremento acumulado de máis do 60%: o canon tipo pasaría dos 68 euros/tonelada da primeira metade de 2024 (coa bonificación do 15% máis de 100 concellos pagaban 56 euros) aos 108 euros en 2025. Un auténtico sablazo e un atraco que merece unha resposta contundente por parte dos concellos.

No outono de 2022 a Xunta incluíu no borrador de orzamentos para 2023 a supresión da bonificación do 10% do canon para aqueles concellos que implantasen a recollida separada dos biorresiduos e repercutisen a bonificación nos recibos que paga a veciñanza. Logo dun rexeitamento xeneralizado en vésperas das municipais, Rueda anunciou no parlamento o incremento da bonificación até o 15% nos concellos con recollida separada de biorresiduos e quinto colector ou colector marrón, medida que se comezou a aplicar no ano 2023.

A mediados do ano 2024 a Xunta elimina a bonificación e incrementa o canon nun 30%, dos 68 aos 88 euros por tonelada (os concellos con bonificación do 15% pagaban 56 euros por tonelada).

E agora anuncia un novo taxazo para 2025 que elevaría a factura até os 108 euros (suponse que a medida se tramitará na lei de acompañamento dos orzamentos de 2025).

Desde o BNG consideramos que este incremento unilateral, desproporcionado e abusivo do canon aos concellos é consecuencia do fracaso estrepitoso do sistema SOGAMA, baseado en solucións finalistas como a incineración e o depósito en vertedoiro, penalizados pola normativa europea de residuos.

A Xunta xustifica a necesidade deste incremento polo desfase nas contas de SOGAMA como consecuencia de decisións do goberno central, que tiveron unha repercusión de 21,3 millóns de euros nas contas da empresa en 2023. Aínda que a Xunta procure excusas e xustificacions externas, a causa do desfase económico de SOGAMA e dos seus números vermellos é a ineficiencia e o elevado custo do transporte, a xestión centralizada e a incineración de residuos, e, sobre todo, o erro que supón optar en exclusiva pola opción absolutamente superada da incineración.

O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecolóxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.

En lugar de abrir un debate sobre a cuestión dos residuos e introducir cambios no sistema de xestión para adaptado ás esixencias da directiva marco de residuos, a Xunta opta por facerlle pagar aos concellos o fracaso dun sistema centralizado, obsoleto, moi custoso e antiecolóxico. A Xunta opta pola solución fácil dun novo sablazo aos concellos, seguindo coa súa especialidade de buscar culpables en lugar de propoñer solucións.

o novo taxazo anunciado para o 2025 (que levará o canon a 108 euros por tonelada), o que supón un incremento total de máis do 60% de media en poucos meses (o incremento é maior para os máis de 100 concellos que pagaban un canon bonificado de 56 euros por tonelada a cambio de implantar a recollida separada dos biorresiduos.

Para evitar esas perniciosas consecuencias para o Concello, O Grupo Municipal do BNG propón ao resto da corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

- Rexeitamento aos taxazos de SOGAMA (o aprobado en xullo e o anunciado para 2025) que a Xunta de Galiza pretende aprobar.



- Instar a un xiro na política de residuos, primando e incentivando a recollida selectiva, a reutilización e a reciclaxe, fronte ao costoso e antiecolóxico sistema SOGAMA baseado na incineración
- Solicitar creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano – e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliar e comunitaria.”

A Comisión, por 5 votos a favor, do PSdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas abstencións do PP, acorda ditaminar devandita moción favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Arribe Rodríguez di: Bueno, isto creo que esta ben explicado no escrito da moción. Rexeitamos este aumento da taxa de SOGAMA porque, aquí SOGAMA pertence á Xunta, non nos esquezamos, eh! E tamén pertence a Naturgy. É dicir, que hai un montón e empresas implicadas no beneficio deste sistema. Ademais, porque din que van a diminuír un 60% a taxa de SOGAMA, pero claro, a base de quitarlle ó Fondo de compensación local que ten a Xunta cos concellos. Por último, para apoiar isto unicamente dicir que consideramos que este incremento é unilateral, desproporcionado e abusivo que é a consecuencia do sistema SOGAMA, do que está previsto de incineración, e que temos que ir a outro tipo de solución cos nosos residuos. Entre eles, os que, precisamente hoxe estivemos falando sobre un particular, da compostaxe que os propios concellos poidan elaborar os seus propios medios de eliminar os seus residuos. Estou disposto a compartir algo máis se se necesita, sobre esta particularidade sectorial.

O Sr. Alcalde di: Grazas. Xulio?

O Sr. Cribeiro García di: Si, no último ano e medio a empresa pública SOGAMA asumiu un sobre custo de 39 €/tonelada pola xestión dos residuos, que recibe na súa planta, derivado das seguintes decisións do Goberno central. As decisións do Goberno central son: o imposto estatal sobre verquido e incineración, a orde ministerial que elimina a retribución que recibía pola planta termo eléctrica de Cerceda, o imposto estatal de produción de enerxía. Todo isto traducíuse nun encarecemento de 21,9 millóns de euros do custo de servizo, só no ano 2023, asumido completamente e en solitario por SOGAMA. Ante esta situación insostible, o Consello da administración da empresa pública propón: actualizar o canon aos 295 concellos que da servizo, que pagarían este ano un importe medio de 66 €/tonelada, tras aplicar unha achega universal da Xunta de 12 €/tonelada a través do Fondo de Cooperación Local. En todo caso, grazas ao importante esforzo que esta realizando a Xunta, a contía a abonar polos concellos sería moi inferior o custe real que ten o servizo para SOGAMA e que ronda os 120 €/tonelada. A decisión desta suba obedece, única e exclusivamente, a unha decisión adoptada polo Goberno de Pedro Sánchez e apoiada polo BNG no Parlamento de Madrid.

O Sr. Arribe Rodríguez di: En canto ao anexo de contratacións millonarias de SOGAMA que tensionan as contas da empresa, claro, aquí temos unha serie de puntos -que non vou ler repetidamente porque sería un pouco longo- pero, aquí hai unha empresa Renfe LogiRail que cobra 131,7 millóns de euros cada ano, a planta de clasificación de residuos de Vitalia, a sociedade de polímeros e un montón de empresas privadas, que son as que están levando o gordo e todo o beneficio dos residuos urbanos. En resumen, a razón da insostibilidade de SOGAMA é que entrou nunha deriva totalmente alocada coa ampliación de instalacións e adjudicacións multimillonarias por valor de máis de 745 millóns de euros, a maioría ao mesmo grupo empresarial, que son unha hipoteca para futuro e o resto para o presente. O



que o BNG está propoñendo é cambiar o sistema que esta facendo, porque nos parece un atraco. E, evidentemente, todo isto, a subida de gastos que ocasionen e o aumento que poña a Xunta en SOGAMA vai repercutir, por suposto, nos cedeireses e nas cedeirezas.

O Sr. Alcalde di: Nosoutros dende o PSdeG Cedeira reclamamos que a Xunta, neste caso Rueda, reclamamos que a Xunta asuma o 100% da subida do canon de SOGAMA para que, debido a súa mala xestión, non apande a economía familiar co crecemento do recibo do lixo. A subida do canon de SOGAMA ven provocada polo imposto que establece Europa ao considerar que o seu sistema de tratamento de residuos é o máis nocivo dende o punto de vista medioambiental e de eficiencia. O imposto grava a incineración e o depósito vertedoiro, que deberían ser as últimas opcións de xestión de residuos que son as que usa SOGAMA de forma prioritaria. De feito, no 2022, que son os últimos datos publicados así o din; 61% de incineración, 21% vertedoiro e 18% reciclaxe. Tralas presións que houbo no Parlamento galego, por parte do PSdeG e do BNG, Rueda veuse obrigado a anunciar que a Xunta asumiría esa subida, pero di que só do 60%, que rexeitamos porque consideramos delirante que vaia a asumir só parte dunha subida, dun canon que el mesmo recada e que é, digamos, provocada por unha nula xestión. O que pedimos é que Rueda asuma o 100% da subida do canon, que cambie a forma consensuada coa Fegamp, o modelo de xestión de SOGAMA para evitar que cada ano sexa maior o gravame.

No 2014 o Partido Popular subiu o canon de SOGAMA un 33,5%, o que provocou un gran rexeitamento nos concellos e tamén na Fegamp. Posteriormente, por proximidade electoral, a Xunta aprobou no 2019 unha bonificación do 10% no canon de SOGAMA para incentivar ós concellos para que impulsen mellores políticas e xestión dos seus residuos e intentaron retiralo no 2023 con moita polémica. Ante a presión social e política cambiaron esta bonificación por unha do 15% para incentivar a recollida orgánica. Este verán, a pesar da oposición o PSdeG e da Fegamp, a Xunta e SOGAMA anunciaron a suspensión da bonificación do 15% no incremento do canon para o 2025, co seguinte aumento dos recibos do lixo. As subas do canon serían as seguintes, como ben dixechedes: este ano o canon sería de 66 €/tonelada, pasaría a 78, a media sería de 70 €, pero queda en 66. A Xunta anunciou unha nova suba para o 2025, cando a cota actual pasará dos 66 € actuais a 108, o que vai ocasionar un segundo impacto nas arcas municipais.

O Partido Popular da Xunta culpa a Pedro Sánchez, e da Lei de residuos do ano 2022, sempre a mesma escusa para non asumir responsabilidades por esa deficiente e nula xestión. Pero a realidade é que España tivo que adaptar a súa Lei á Directiva europea do ano 2018, que antes se citaba, que grava formulas de xestión de residuos que non son recomendables medioambientalmente e que se aplica na maioría dos países europeos. Pero podemos dicir que SOGAMA ten perdas inasumibles? Nosoutros creemos que non, porque a súa recadación sumará os ingresos que vai ter este ano pola venda de enerxía, que subirá un 81,31 % respecto ó ano 2022. E agora, o sobrecusto que supón o pago do novo imposto, a recadación deste imposto está cedida pola Xunta pola Lei 36/2022, do 27 de decembro, que modifica a Lei de cesión de tributos do Estado ás Comunidades Autónomas, neste caso a Galicia, por tanto será a Xunta a que se beneficiará destes 19 millóns de euros recadados polo novo imposto. Co imposto da Lei de residuos a Xunta, no ano 2023, recadou máis de 10 millóns de euros e teñen previsto para este ano recadar máis de 12, en total , por lo tanto, case 23. Como se dixo aquí agora, SOGAMA é unha entidade semipública, Xunta 51% e Naturgy 49%, polo tanto debería de ser sen ánimo de lucro. Dado que a Xunta é a accionista maioritaria de SOGAMA e tamén recada ese imposto, recadase para si mesmo. Para os socialistas galegos é claro que a Xunta mira polos intereses particulares de Naturgy, xa que a Xunta recupera as perdas coa recadación do imposto, pero non mira polos intereses dos galegos e das galegas.

Eu creo que esta é unha moción que non ten que ver nin co Estado nin ter que ver coa autonomía galega, senón que ter que ver, agora mesmo, cos concellos. O sistema de financiamento dos concellos cada día está moito máis debilitado, debido, pois a moitas competencias impropias que nos están chegando dende, neste caso, a Xunta de Galicia. Como pode ser Servizos sociais ou como pode ser



outro tipo de actividades. Qué pode supoñer isto para un concello como o de Cedeira? Pois pode supoñer que este incremento nas cantidades, eu facendo un cálculo das cantidades, do diñeiro que se recadou no ano 2023 e do que estamos pagando do ano 2024, vai supoñer, pois un custe no ano 2025 de máis de 70 mil euros. 70 mil euros que van a deixar de ir a outros investimentos como poderían ser: centros culturais, sociais, infraestruturas e equipamentos básicos de abastecemento e saneamento de auga ou calquera outra cousa que o Pleno decida que se deba de facer. É aquí onde creo que debemos ser coherentes con nós mesmos e loitar polos intereses de Cedeira. E ademais, este é o Pleno de Cedeira, somos o órgano consultivo máis importante que temos e é aquí onde decidimos e onde tomamos as decisións. Ás veces, nós incluso dende o noso partido, dende o PSdeG de Cedeira, tomamos decisións e apoiamos mocións que, ás veces, van en contra dos plantexamentos do Goberno central porque miramos polos intereses da veciñanza de Cedeira e eu creo que é o máis importante. O que temos que resumir con isto, é que a Xunta e unha entidade semipública como é SOGAMA, se ten un custo e están obtendo uns beneficios, non lle podes aplicar isto ós concellos e, ó final, métennola dobrada polo Fondo de cooperación local, que é unha cantidade de diñeiro que nos dan, se nos van sacar de aí, vannos dar menos diñeiro. Non son os concellos do BNG os que están descontentos, non son os concellos do PSdeG os que están descontentos, son todos os concellos de Galicia os que están descontentos. Particularmente, coñezo moitos alcaldes e alcaldesas do Partido Popular e tamén do BNG, así como de partidos independentes, e todos están co mesmo. Aquí está pois a decisión e o valor que teñamos cada un de nós para tomar unha decisión e que sexa unha decisión que sexa beneficiosa para a xente coa que nos encontramos e convivimos todos os días. Pola miña parte nada máis. Procedemos a votar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR a moción nos termos nos que quedou transcrita.

5. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 493/2024 DE DATA 18.09.2024- DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2025

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de setembro de 2024, que di:

“Vista a Resolución de Alcaldía núm. 493/2024 de data 18.09.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2025

Con data 03.09.2024 (rex. de entrada núm. 20240000002872) tivo entrada no rexistro do Concello un escrito da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no cal se comunica o calendario laboral para o ano 2025 na Comunidade Autónoma de Galicia; e así mesmo se solicita o envío da proposta do pleno ou do órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o vindeiro ano 2025.

É competencia do Pleno o coñecemento ou aprobación destes días de festa, e a vindeira sesión realizarase o día 26 de setembro, polo que co fin de remitir no prazo establecido (antes do 20 de setembro) o acordo ao órgano competente da Comunidade Autónoma, se procede a fixar os citados días de forma provisional nesta resolución, que deberá ser ratificada no vindeiro Pleno ordinario.

Por todo o exposto, **RESOLVO:**



1.- Fixar como días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o vindeiro ano 2025 os seguintes:

- 13 de xuño: San Antonio
- 4 de marzo: martes de Entroido

2.- Dar traslado da presente resolución á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

3.- Elevar a presente resolución ao Pleno da Corporación para a súa ratificación, na primeira sesión que realice.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía nº 493/2024 de data 18.09.2024.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade do seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía nº 493/2024 de data 18.09.2024.

6. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MODALIDADE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS 2024. MC 21 2024 SC 03 2024

Pola Secretaria dáse lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 23 de setembro de 2024, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 20.09.2024, que di:

“**Expediente:** 2024/G006/000284

Asunto: Modificación de crédito modalidade suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais 2024. MC 21 2024 SC 03 2024.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto nos artigos 35 a 38 do RD 500/90, de 20 de abril, e no 177 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, son suplementos de crédito aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para realizar un gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte e para o que o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ampliarse. As anteditas modificacións pódense financiar, entre outros recursos, con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2023, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 150/2024, do 20 de marzo de 2024, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de 1.233.668,66 euros.

Vista a Memoria de Alcaldía, de data de 20 de setembro de 2024, na que queda xustificado a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte e para os que o crédito previsto é insuficiente e non pode ser obxecto de ampliación.



Visto que con data de 20 de setembro de 2024 emitiuse Informe favorable de control permanente previo relativo á modificación orzamentaria MC 21 2024 SC 03 2024, modalidade suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que con data de 20 de setembro de 2024 emitiuse Informe relativo á avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no que se sinala: “(...) *Dos resumos anteriores despréndese que a modificación de créditos que se expón xenera inestabilidade poñendo en risco o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

(...)

O incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit levará a elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 19 e seguintes do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais.

Non obstante, o parágrafo segundo do artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, dispón que “Exceptúase do disposto no parágrafo anterior (elaboración do Plan Económico-financeiro) as modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesouraría para gastos xerais, as cales non precisarán de elaboración de Plan económico financeiro ata a liquidación do orzamento, se é o caso”. Caso no que nos atopamos, polo tanto, non é necesario a elaboración dun Plan Económico-financeiro”.

Esta Alcaldía, no uso das competencias atribuídas na lexislación vixente, **PROPÓN** ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Plenos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 21 2024 SC 03 2024, na modalidade de suplemento de crédito, para financiar gastos de capital, con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte desglose:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)	DESCRICIÓN
336.63200	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Inversión reposición en edificios e outras construcións	12.323,85	Traballos de albanelería no edificio do Escolar de Sisalde,
336.63200	Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico. Inversión reposición en edificios e outras construcións	15.944,78	Traballos de pintura no edificio do Escolar de Sisalde,
TOTAL		28.268,63	

O financiamento da incorporación realizarase da seguinte maneira:

CONCEPTO/SUBCONCEPTO	TIPO DE FINANCIAMENTO	IMPORTE (EN €)
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	28.268,63
TOTAL INGRESOS		28.268,63

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da



Provincia de A Coruña, por quince días hábiles, durante os cales as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, dos seus membros presentes, acorda a urxencia do asunto e a súa inclusión na orde do día.

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

7. DAR CONTA DA MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria realizada o 13 de xullo de 2023, adopta acordo polo que se crean as Comisións Informativas permanentes da Corporación Municipal e se determina a composición das mesmas.

En sesión plenaria de data 27 de xullo de 2023 dáse conta da adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación que forman parte das mesmas en representación de cada grupo político municipal, realizada mediante escrito dos respectivos Voceiros dirixido ao Alcalde.

En data 24 de maio de 2024 o Pleno toma coñecemento da renuncia ó cargo de Concelleira de D^a María Luz Leonardo Aneiros, como consecuencia do cal en sesión plenaria de data 1 de agosto de 2024 toma posesión o novo Concelleiro D. Higinio Manuel Casas Regueira.

En data 17 de setembro de 2024 se presenta escrito polo Voceiro do grupo municipal do Partido Popular, comunicando os membros da Corporación que en representación de dito grupo deben formar parte de cada Comisión.

En consecuencia, visto o establecido no artigo 125 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, as Comisións Informativas permanentes da Corporación Municipal quedan constituídas polos seguintes Concelleiros:

Comisión Informativa de Plenos:

Presidente: Sr. Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)

- D. Ismael Durán Bereijo (PSOE)
- D^a Lucía Picos Aneiros (PSOE)

SUPLENTES:

- D. Jesús Romero Carracelas (PSOE)
- D^a Carmela Prieto Cal (PSOE)

- D. Xulio Cribreiro García (PP)



- D. Pablo Nebril López (PP)

SUPLENTES:

- D. Higinio Manuel Casas Regueira (PP)
- D^a Olga Iglesias Bereijo (PP)

- D^a Manuela López Rodríguez (BNG)

- D. Xosé Antón Arribe Rodríguez (BNG)

SUPLENTES:

- D^a María José Pernas Díaz (BNG)
- D. Noel López López (BNG)

Comisión Informativa de Urbanismo:

Presidente: Sr. Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)

- D. Ismael Durán Bereijo (PSOE)
- D^a Carmela Prieto Cal (PSOE)

SUPLENTES:

- D^a Lucía Picos Aneiros (PSOE)
- D. Jesús Romero Carracelas (PSOE)

- D. Xulio Cribeiro García (PP)

- D. Pablo Nebril López (PP)

SUPLENTES:

- D. Higinio Manuel Casas Regueira (PP)
- D^a Olga Iglesias Bereijo (PP)

- D^a Manuela López Rodríguez (BNG)

- D. Xosé Antón Arribe Rodríguez (BNG)

SUPLENTES:

- D^a María José Pernas Díaz (BNG)
- D. Noel López López (BNG)

Comisión Especial de Contas:

Presidente: Sr. Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)

- D. Ismael Durán Bereijo (PSOE)
- D^a Carmela Prieto Cal (PSOE)

SUPLENTES:

- D^a Lucía Picos Aneiros (PSOE)
- D. Jesús Romero Carracelas (PSOE)

- D. Xulio Cribeiro García (PP)

- D^a Olga Iglesias Bereijo (PP)

SUPLENTES:

- D. Pablo Nebril López (PP)
- D. Higinio Manuel Casas Regueira (PP)

- D^a Manuela López Rodríguez (BNG)

- D. Xosé Antón Arribe Rodríguez (BNG)



SUPLENTE:

- D^a María José Pernas Díaz (BNG)

- D. Noel López López (BNG)

O Pleno queda enterado.

8. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº DECRETO	ASUNTO
00393/2024	NÓMINA XULLO 2024
00394/2024	DELEGACIÓN NA CONCELLEIRA MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ PARA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL
00395/2024	ARQUIVO DO EXPEDIENTE 2024/X999/000112 RECLAMACIÓN DE DANOS OCASIONADOS NUN BEN MUNICIPAL (BOLARDOS)
00396/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000032441 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00397/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA EXPTE TEDEC 2024/S009/000019
00398/2024	CONTRATACIÓN DE DOUS PEÓNS/PEOAS E DUAS LIMPADORAS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. PROGRAMA PEL CONCELLOS 2024.
00399/2024	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DÚAS PERSOAS COMO INFORMADORAS/ES DE TURISMO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS 2024
00400/2024	XUSTIFICACION DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 254/2024 DO 16/05/2024 EXPTE 2024/S009/000007
00401/2024	XUSTIFICACION DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 255/2024 DO 16.05.2024 PARA NECESIDADES BASICAS
00402/2024	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE XOGOS DE AUGA -DESLIZADORES XIGANTES- NA PRAZA DA CONSTITUCIÓN
00403/2024	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ACTIVIDADES ACUÁTICAS DE ANIMACIÓN NA PRAIA DE AREALONGA
00404/2024	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE XULLO DE 2024
00405/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 7982/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00406/2024	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ECUESTRE A CRINA PARA O ANO 2024
00407/2024	APROBACIÓN ANTICIPO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA 2024
00408/2024	MC 14/2024 TC 04/2024
00409/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION)
00410/2024	REINTEGRO IMPORTE NON XUSTIFICADO DA SUBVENCIÓN GASTO SOCIAL CORRENTE/2023 (POS+AD1-G.SOC. CORRE/2023)
00411/2024	APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DOS XOGOS POPULARES 2024



00412/2024	CONTRATO MENOR DE ACTIVIDADE ARTÍSTICA - CONCERTO DE GUADI GALEGO
00413/2024	CONTRATO MENOR DE ACTIVIDADE ARTÍSTICA - CONCERTO DA ORQUESTRA BRAVÚ XANGAI
00414/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000032512 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00415/2024	MC 16 2024 XC 08 2024
00416/2024	CONTRATACIÓN DOS ESPECTÁCULOS INCLUÍDOS NA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL 2024
00417/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION)
00418/2024	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00419/2024	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 252/2024 DO 16/05/2024 EXPTE TEDEC 2024/S009/000005
00420/2024	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 253/2024 DO 16/05/2024 EXPTE TEDEC 2024/S009/000006
00421/2024	ALTA DA ASOCIACIÓN LUGARES COMÚNS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS. (EXPTE 2024/R004/000004)
00422/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2024-29
00423/2024	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENROLO LOCAL -AEDL MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PERSOAL LABORAL FIXO AO 100 % DA XORNADA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00424/2024	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE ASISTENTE/A SOCIAL, PERSOAL LABORAL FIXO AO 100 % DA XORNADA POLO SISTEMA DE CONCURSO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00425/2024	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE BIBLIOTECA MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PERSOAL FUNCIONARIO AO 100 % DA XORNADA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00426/2024	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE SERVICIOS SOCIAIS MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PERSOAL LABORAL FIXO AO 100 % DA XORNADA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00427/2024	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE EDUCADOR/RA FAMILIAR MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PERSOAL LABORAL FIXO AO 100 % DA XORNADA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00428/2024	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE LIMPADOR/RA, PERSOAL LABORAL FIXO AO 50 % DA XORNADA POLO SISTEMA DE CONCURSO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00429/2024	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE PSICÓLOGO/A MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PERSOAL LABORAL FIXO AO 66,66 % DA XORNADA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00430/2024	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A



	PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE SUBALTERNO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, PERSOAL LABORAL FIXO AO 100 % DA XORNADA POLO SISTEMA DE CONCURSO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00431/2024	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE LIMPADOR/RA, PERSOAL LABORAL FIXO AO 50 % DA XORNADA POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00432/2024	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A DE SERVIZOS ECONÓMICOS MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PERSOAL FUNCIONARIO AO 100 % DA XORNADA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00433/2024	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE OPERARIO GRUPO E POLIDEPORTIVO, PERSOAL LABORAL FIXO AO 100 % DA XORNADA POLO SISTEMA DE CONCURSO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00434/2024	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE PEÓN, PERSOAL LABORAL FIXO AO 100 % DA XORNADA POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00435/2024	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 5 PRAZAS DE LIMPADOR/RA, PERSOAL LABORAL FIXO AO 100 % DA XORNADA POLO SISTEMA DE CONCURSO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00436/2024	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 8 PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, PERSOAL LABORAL FIXO AO 100 % DA XORNADA POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00437/2024	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 17 PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, PERSOAL LABORAL FIXO AO 100 % DA XORNADA POLO SISTEMA DE CONCURSO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00438/2024	LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO PEÓN/PEOA
00439/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000032574 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00440/2024	CONTESTACIÓN Á SOLICITUDE PRESENTADA POR D. XULIO CRIBEIRO GARCIA, VOCEIRO DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR, NA DATA 09.08.2024 (REX ENTRADA N° 2690). EXPTE 2024/X006/000112
00441/2024	DEVOLUCION IMPORTE INGRESADO POR DUPLICADO POR AUTOLIQUIDACION FESTAS PATRONA 2024
00442/2024	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00443/2024	APROBACION FACTURA F/2024/2293. TAXA AUGAS GALICIA
00444/2024	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS 2024
00445/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000032626 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO



00446/2024	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENDE 23 DE AGOSTO AO 18 DE SETEMBRO DE 2024
00447/2024	INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE ALZADA CONTRA O RESULTADO DEFINITIVO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO PARA O PROGRAMA PEL - CONCELLOS 2024
00448/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2024-30
00449/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2024-31 (GAS NATURAL)
00450/2024	LEVANTAMIENTO REPARO RELACIÓN FACTURAS F/2024/32 XGL
00451/2024	NÓMINA AGOSTO 2024
00452/2024	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00453/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2024-33
00454/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9410/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00455/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000032721 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00456/2024	DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DEL AYUNTAMIENTO PARA TRÁMITES ELECTRÓNICOS
00457/2024	SOLICITA DEVOLUCIÓN DEL PAGO DE LA PISTA DE PADEL
00458/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000032818 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00459/2024	PERSOAMENTO E SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA QUE A SÚA ASESORÍA XURÍDICA SE FAGA CARGO DA DEFENSA XUDICIAL NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 84/2024
00460/2024	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.A. 84/2024, GERMÁN AMENEIROS HERMIDA CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
00461/2024	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS DE COMPOSTAXE, INCLUIDO NAS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
00462/2024	SOLICITUDE DE EXPEDICION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (RENOVACION ENTREGADA 19.04.2024)
00463/2024	SOLICITUDE DE EXPEDICION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE , EXPTE TEDEC 2024/V006/000002
00464/2024	CONCESION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOVILIDADE REDUCIDA EXPTE TEDEC 2024/V006/000003
00465/2024	OCUPACIÓN DE DOMINO PUBLICO -APERTURA DE GABIAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO - (EXP. 2024/U044/000012)
00466/2024	PREMIOS TRAIÑEIRAS VII BANDEIRA VILA DE CEDEIRA ANO 2024
00467/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS SANITARIOS E FARMACEUTICOS, EXPTE TEDEC 2024/S009/000022
00468/2024	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE AGOSTO DE 2024
00469/2024	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO DO 12.09.2024
00470/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION)EXPTE TEDEC 2024/S009/000024
00471/2024	PREMIOS X CERTAME PINTURA RAPIDA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA
00472/2024	APROBACIÓN DO PLAN SEG E SAÚDE, XESTIÓN DE RESIDUOS E PROGRAMA DE TRABALLO DA OBRA DE MELLORA DE FIRMES NOS LUGARES DE MUNDÍN, AS BIEITEIRAS, SANTALLAMAR E OUTRAS". POS+2023
00473/2024	2023/1004/000007: INCOACIÓN DE EXPEDIENTE ORDE DE EXECUCIÓN
00474/2024	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL PARA A SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DE DATA 11.09.2024
00475/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000032907 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00476/2024	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA DE REFORMA E ADECUACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO EXISTENTE EN SAN ROMÁN -EDAR DE SAN ROMÁN- POS+2023



00477/2024	MC 17 2024 XC 09 2024
00478/2024	XOGOS POPULARES DE CEDEIRA ANO 2024
00479/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA PARA A XUSTIFICACIÓN PARCIAL DO ANTICIPO DE CAIXA FIXA 2 2024
00480/2024	DELEGACIÓN NA CONCELLEIRA CARMELA PRIETO CAL PARA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL
00481/2024	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (ENTREGADA 23/04/2024)
00482/2024	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE, EXPTE TEDEC 2024/V006/000005
00483/2024	TRASLADO DO AUTO DO XULGADO DE DATA 09.07.2024 DE EXECUCIÓN FORZOSA DA SENTENCIA FIRME DE DATA 03.05.2024 NO P.A. 61/2023 DE BEGOÑA BESCOS CASTEDO
00484/2024	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE EXPTE TEDEC 2024/V006/000006
00485/2024	DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DE TAXACIÓN DE COSTAS NO P.A. 178/2022 DE JAIME GUILLERMO CORCUERA E MARIA ALMUDENA ESCORIAL AYUSO
00486/2024	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL POR LIBRE CONCORRENCIA (A TRAMITAR POR EMERXENCIA)
00487/2024	APROBACIÓN DO EXPTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE CREACION DE ESPAZOS VERDES NA RÚA SILVA, 26. POS+2024
00488/2024	AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DOS EXPEDIENTES SOLICITADA POLA CONCELLEIRA D ^a CARMELA PRIETO CAL. (EXPTE 2024/X006/000144)
00489/2024	SOLICITUDE DEVOLUCIÓN CUOTA ACTIVIDADE FUTBOL SALA POR SUSPENDERSE
00490/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000032985 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00491/2024	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO. MC 20 2024 TC 05 2024
00492/2024	CORRECCIÓN ERROS PREMIOS TRAIÑEIRAS VII BANDEIRA VILA DE CEDEIRA ANO 2024
00493/2024	DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2025
00494/2024	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00495/2024	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENDE 23 DE SETEMBRO AO 16 DE OUTUBRO DE 2024
00496/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA (ALUGUER)
00497/2024	REVOCAÇÃO NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL PARA O DIA 20 DE SETEMBRO DE 2024
00498/2024	MC 22 2024 XC 10 2024
00499/2024	APROBACIÓN CONVENIO CON AGADIC 2024-SEMESTRE 2 E CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULOS
00500/2024	DEVOLUCIÓN DE TAXA POR INADMISIÓN A TRÁMITE DE LICENCIA DE ACTIVIDADE
00501/2024	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 26.09.2024

O Pleno queda enterado.

9. MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún.

10. ROGOS E PREGUNTAS



Aberto o turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde di. Imos intentar, coma sempre, facer as preguntas todas seguidas e os rogos seguidos, non ir intercambiando, vale?

O Sr. Cribeiro García di: Non sei se sería un rogo ou unha pregunta, pero no último Pleno nosoutros fixemos unha serie de preguntas, que se nos dixo que se nos ía a contestar, pero a día de hoxe todavía non temos resposta.

O Sr. Alcalde di: Imos contestar por escrito, para que quede constancia por escribo, vale?

O Sr. Cribeiro García di: Un rogo, en cada Pleno débese nos facilitar unha copia das facturas de cada unha das resolucións de Alcaldía, son resolucións tan xenéricas, que non se entera un de nada.

Outro rogo, agora que o Chiringuito de A Magdalena pode cerrar este primeiro ano, xa que cumpriu o prazo máximo de apertura ata o 30 de setembro, creemos que é necesaria unha reflexión sobre a xestión municipal do Concello neste tema. O Chiringuito debería funcionar dende o primeiro de xuño, como así o din as condicións do contrato, pero creemos que pola nula planificación do Goberno local e a deixadez de ata o último minuto, a persoa que gañou o concurso público non puido abrir ata o 2 de agosto, é dicir, de cento vinte e dous días que podería explotar social e economicamente ese espazo, só puido abrir aproximadamente cincuenta e dous -quitando os días de descanso- sería practicamente un 42% de días abertos. Ao Goberno local, por iso, pedímoslle que teñan a planificación suficiente e a consideración pertinente neste tipo de actuación para ao futuro. E tamén preguntámonos por que o bipartito sempre deixa todo para o final e prexudica ás persoas que queren dirixir este tipo de locais. É ou non é poñer paus nas rodas ó desenvolvemento social e económico dun espazo así?

O Sr. Alcalde di: Non sei se é un rogo ou unha pregunta.

O Sr. Cribeiro García di: É un rogo.

Pedíronnos que fixeramos unha pregunta sobre este tema, vouna facer mutilada: o día 6 do 9 deste ano 2024, sobre as 15 horas, recibiron unha chamada en nome dos Servizos Sociais anunciándolle que queda anulado o servizo de dependencia para a súa nai dependente. Di que é a segunda vez que pasa o fin de semana enteiro. Comenta que se se collen as guardias para anular os servizos, as collan tamén para repoñer un asistente para estar de garda, di que as hai, non deixando ás persoas maiores tiradas tantos días, pois hai quen depende da axuda do fogar exclusivamente. Solicita unha mellora no servizo a domicilio e unha mellor xestión do mesmo. Ese é o rogo.

O Sr. Alcalde di: Unha pregunta será.

O Sr. Cribeiro García di: Non, é un rogo, un rogo que fai un coñecido.

A Sra. Prieto Cal di: Eu son coñecedora, porque o escrito vai dirixido directamente a min, e non sei... Se é un rogo non ten contestación.

O Sr. Alcalde di: Non ten contestación, pero se queres dar unha explicación.

O Sr. Cribeiro García di: Fala do rogo da mellora do servizo.

A Sra. Prieto Cal di: Bueno claro, a ver é que é un tema, na miña opinión, demasiado extenso e complexo porque, non sei... Podería facer unha contestación por escrito ou contestamos no seguinte Pleno de maneira máis extensa, porque teríamos que falar do sistema laboral do Concello, do desenvolvemento do servizo de axuda no fogar en particular. Da realidade desta semana de que cómo non hai técnicos ou técnicas de garda, pois calquera aviso que teña que ver cunha incidencia -que pode



ser ben unha cuestión de saúde ou un dereito das traballadoras que non estivera previsto, como podería lastimarse alguén ou calquera cuestión de saúde ou persoal- sé existe a posibilidade, cos turnos que hai, para substituír a esa compañeira, podemos facer a substitución, e noutros casos non. Evidentemente non me falta empatía para saber que, aínda que ten moi difícil solución ese tipo de problemas, pois supón un contratempo para as familias, os familiares e coidadoras. Evidentemente todo é mellorable, desde logo, e asumo ese escrito e calquera outro, con intención de intentar pensar que posibilidades hai de cambialas, sabendo tamén, e sendo supersincera, que é moi complexo, porque o servizo é complexo. O persoal é o que é e, evidentemente, as traballadoras deste Concello teñen uns dereitos laborais que non podemos pasar por riba. Se todas teñen o cupo máximo de horas traballadas no día permitidas temos agora mesmo opción de aumentar máis. E creo que contesto máis ou menos, non sei se queda algunha dúbida ou aclaración.

O Sr. Alcalde di: Grazas, Carmela.

O Sr. Alcalde di: Nada máis?

O Sr. Cribeiro García di: Nada máis.

O Sr. Alcalde di: Damos por rematada esta sesión. Grazas ao público por ter acudido.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 20:34 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ